

## I Xornada Interuniversitaria Galega de Innovación Docente

*Contextos universitarios transformadores:  
tecendo redes de futuro*

**19 de outubro. Facultade de Economía e Empresa (Universidade da Coruña)**

**09:30 - 10:00 Inauguración:**

- **Julio E. Abalde Alonso.** Reitor da Universidade da Coruña
- **José Alberto Díez de Castro.** Secretario xeral de Universidades
- **Alfonso Lago Ferreiro.** Vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente da UVigo
- **Nancy Vázquez Veiga.** Vicerreitora da Planificación Académica e Innovación Docente da UDC

**10:00 - 11:15 Conferencia inaugural: ¿Como deixar de xogar a innovar?**

- **Juan Freire.** Innovation Hub Europe. Institute for the Future of Education. Tecnolóxico de Monterrey

**11:15 - 12:00 Café-networking**

**12:00 - 13:15 Mesa Redonda: Ecosistemas tecnolóxicos emerxentes en educación superior**

- **Manuel Caeiro Rodríguez.** UVigo
- **Manuel Lama Penín.** USC
- **Verónica Bolón Canedo.** UDC

Modera: **Juan Feire.** Institute for the Future of Education. Tecnolóxico de Monterrey

**13:15 - 14:30 Mesa Redonda: Tendencias pedagóxicas en educación superior**

- **José Alberto Díez de Castro.** Secretario xeral de Universidades
- **Víctor Arufe Giráldez.** UDC
- **Mercedes Novo Rodríguez.** USC
- **Olalla García Fuentes.** UVigo

Modera: **Conchi Fernández** (Asesora de Coordinación estratéxica e Innovación. Xunta de Galicia)

**16:00 - 16:50 Obradoiro 1: Aplicacións da Intelixencia Artificial á docencia**

- **Francisco Bellas Bouza.** UDC

**17:00 - 17:50 Obradoiro 2: Inmersión ao Metaverso**

- **Martín López Nores.** UVigo

**18:00 - 18:50 Obradoiro 3: Realidade mixta na innovación docente**

- **Roi Méndez Fernández.** USC

**19:00 Clausura e entrega de premios ás mellores comunicacións**



### **JUAN FREIRE BOTANA.** Tecnolóxico de Monterrey

É doutor en Bioloxía pola Universidade da Coruña con unha tese sobre ciencias ambientais defendida “cum laude” no 1993.

Cofundou 10 empresas e startups enfocadas en educación, sustentabilidade, tecnoloxía, innovación e deseño. De 2017 a 2023 traballou para o Tecnolóxico de Monterrey desempeñando varios postos de liderado relacionados coa innovación educativa, dixital e a transformación da organización.

Liderou equipos multidisciplinares en contextos científicos, corporativos e de startups enfocados tanto no desenvolvemento rápido e prototipado como no lanzamento ao mercado, operación e mellora continua de produtos e servizos.

Na actualidade é investigador afiliado ao Innovation Hub Europe, do Institute for the Future Education, pertencente ao Tecnolóxico de Monterrey.

### **VERÓNICA BOLÓN CANEDO.** Universidade da Coruña

Profesora titular do Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información da UDC.

A súa investigación céntrase nos métodos de aprendizaxe automática dentro do campo da Intelixencia Artificial (IA). Recentemente, a súa investigación centrouse nos algoritmos verdes, unha nova área de intelixencia artificial que busca desenvolver métodos computacionalmente máis eficientes e respectuosos co medio ambiente.

Desde 2022 é Académica Correspondente da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Químicas, converténdose na muller máis xoven da corporación. En 2023 recibiu o Premio Ada Byron do Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia.

Cabe destacar a súa aposta polo fomento da vocación científico-tecnolóxica entre as nenas, coordinando o nodo coruñés do proxecto Inspira STEAM e participando en numerosas actividades de divulgación.




### **MANUEL CAEIRO RODRÍGUEZ.** Universidade de Vigo

Doutor Enxeñeiro de Telecomunicación pola Universidad de Vigo. Profesor Titular na Universidade de Vigo, impartindo principalmente docencia en asignaturas baseadas en proxectos e de programación. Ten dirixido 7 teses de doutoramento, todas elas no ámbito do e-learning.

Impartiu cursos de formación de profesorado e conferencias sobre aprendizaxe autorregulada, recursos educativos abertos, Design Thinking e analítica de aprendizaxe. A súa investigación céntrase no desenvolvemento de tecnoloxías para a educación e aprendizaxe, principalmente en analítica da aprendizaxe, aprendizaxe autorregulada, microlearning, wearables, xogos serios, gamificación e tecnoloxías de realidade virtual.

É membro de SNOLA (Sociedade Española de Analítica de Aprendizaxe), do CESEI (Capítulo Español da Sociedade da Educación do IEEE) e presidente do Steering Committee da revista IEEE-RITA (Revista Iberoamericana de Tecnoloxías del Aprendizaje)



**MANUEL LAMA PENÍN.** Universidade de Santiago de Compostela

Catedrático de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial e Investigador Senior do Centro de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS) da Universidade de Santiago de Compostela.

Colaborou en 50 proxectos e contratos de I+D, asumindo o papel de investigador principal en 28 deles. Como resultado desta investigación, é autor de máis de 150 artigos científicos, que exploran técnicas de aprendizaxe automático e modelado do coñecemento en diversas áreas como a minería de procesos, a monitorización predictiva, a xestión de procesos de negocio, o modelado semántico e a computación de servizos para abordar problemas en Sanidade, Industria ou e-Learning.

É cofundador de InVerbis Analytics, unha spin-off surxida do programa IGNICIA Proba de Concepto financiado pola Xunta de Galicia, que ten como obxectivo a comercialización dos resultados de investigación en minería de procesos. Esta iniciativa foi galardoada co premio de Transferencia de Tecnoloxía da Real Academia Galega de Ciencias. Actualmente é Director do Departamento de Electrónica e Computación da Universidade de Santiago de Compostela.



**CONCHI FERNÁNDEZ.** Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades. Xunta de Galicia

Profesora de Tecnoloxía en Secundaria e Bacharelato e Catedrática de Ensino Secundario.


Actualmente é Asesora de Coordinación estratéxica e Innovación na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades da Xunta de Galicia.

É creadora de cursos virtuais en rede, cursos masivos en liña e materiais dixitais para o ensino en liña, e tamén titoriza, coordinadora e dinamiza formacións educativas relacionadas coa Competencia Dixital e o ámbito STEM/STEAM, apostando polas tecnoloxías intelixentes e as metodoloxías activas na educación STEAM/dixital e poñendo o foco nos Polos Creativos, unha iniciativa pioneira de innovación educativa en Galicia.

**VÍCTOR ARUFE GIRÁLDEZ.** Universidade da Coruña

É Profesor Titular da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña e director da Unidade de Investigación UNIDEF. Ademais é editor xefe das revistas científicas EDUCA Revista Internacional para la calidad educativa e Sportism, Scientific Journal of School Sport, Physical Education and Psychomotricity.

É autor de preto de 100 artigos científicos, 40 capítulos en diferentes obras, coordinador de 14 libros e autor único de 3 libros. Desempeñou o cargo de director xeneral en 25 congresos internacionais. Concedéronlle o 1º Premio SIMO Internacional de Educación a la Mejor Experiencia Didáctica e Innovadora de Gamificación no ano 2019 e o 1º Premio SIMO Internacional de Educación a Mejor Experiencia Didáctica Innovadora en el Aula Universitaria no ano 2020. No ano 2022 foi finalista nos Premios Alumni-UVigo na categoría de Investigación.



**MERCEDES NOVO RODRÍGUEZ.** Universidade de Santiago de Compostela



É licenciada e doutora en Ciencias Químicas pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Despois de varias estancias posdoutorais en Bélxica e Alemaña, en 1996 incorporouse definitivamente á área de Química Física do Campus de Lugo da USC, compaxinando traballos de investigación no campo da espectroscopia de fluorescencia e as súas aplicacións cun amplo labor docente en diversas titulacións de enxeñaría técnica, licenciatura, grao, máster e doutoramento. Tamén dirixiu e dirixe na actualidade varias teses de doutoramento, traballos de fin de mestrado e traballos de fin de grao.

Desde marzo de 2023, é Catedrática de Universidade na área de Química Física e actualmente coordina o grupo de investigación de Química Biofísica, Fotofísica e Espectroscopia.


Ademais, desde 2013 é coordinadora do Grupo de Divulgación da Ciencia e da Tecnoloxía XuvenCiencia, un grupo de innovación docente multidisciplinar da USC no campus de Lugo que ofrece diversas actividades de formación na práctica investigadora e promoción das vocacións científicas e organiza un dos campus científicos para mozos máis grandes e exitosos de España.

**OLALLA GARCÍA FUENTES.** Universidade de Vigo

Doutora en Equidade e Innovación en Educación pola Universidade de Vigo. Con experiencia docente nos Graos de Educación Infantil e Educación Primaria.

As súas liñas de investigación e publicacións xiran en torno á innovación a través das tecnoloxías educativas, centrándose especialmente no desenvolvemento do enfoque educativo STEAM dende idades temperás e no uso das TIC e da e a robótica educativa nos procesos de ensino e aprendizaxe.

Participa no grupo de Innovación Docente INNOVA-UVigo e no grupo CIES-UVigo (Colaboración e Innovación para la Equidad Educativa y Social).





**FRANCISCO BELLAS BOUZA.** Universidade da Coruña

É catedrático na Universidade da Coruña. Leva máis de 20 anos investigando no campo da IA aplicada á robótica, ademais de impartir diferentes materias na UDC relacionadas coa aprendizaxe automática e a robótica autónoma. Desde o ano 2016, participou no desenvolvemento do robot educativo Robobo, que recibiu numerosos premios internacionais relacionados coa educación STEM.

Nos últimos 5 anos liderou diferentes proxectos educativos no campo da educación en IA, principalmente para niveis preuniversitarios, centrados no desenvolvemento dun plan de estudos de IA adaptado e tamén no desenvolvemento de Sistemas Tutores Intelixentes. Forma parte do grupo de expertos en IA en educación da Xunta de Galicia, e do grupo de traballo sobre o mesmo tema no European Digital Education Hub.

**MARTÍN LÓPEZ NORES.** Universidade de Vigo

É Enxeñeiro de Telecomunicación pola Universidade de Vigo (2003) e doutor pola Universidade de Vigo (2006).

Incorporouse á Universidade de Vigo como profesor en 2004, asumindo o posto de Profesor Titular de Universidade en decembro de 2021. Leva titorizados máis de 70 traballos de fin de grao e de máster, así como 7 teses de doutoramento. É coautor de 2 libros docentes, máis de 70 artigos en revistas de investigación e máis de 120 comunicacións en congresos internacionais.

Participou asimismo en máis proxectos de I+D financiados en convocatorias competitivas a nivel autonómico, nacional e europeo. Isto inclúe a experiencia como investigador principal nun proxecto europeo do 7º Programa Marco e dos proxectos do Programa Horizonte 2020 da UE, sempre con marcado carácter interdisciplinar entre as Tecnoloxías da Información e as Humanidades. Tamén liderou 10 contratos con empresas e foi avaliador de proxectos para diversas axencias internacionais de investigación.



**ROI MÉNDEZ FERNÁNDEZ.** Universidade de Santiago de Compostela

Doutor en Investigación en Tecnoloxías da Información pola Universidade de Santiago de Compostela. É, actualmente, Profesor Axudante Doutor no Departamento de Ciencias da Comunicación da USC.

Enxeñeiro Técnico en Informática de Sistemas pola USC e Máster en Computación pola Universitat Politècnica de Catalunya (UPC) é investigador do Grupo de Estudos Audiovisuais (GEA), centrando a súa investigación nos platós virtuais de televisión, nos diferentes usos da realidade virtual e aumentada e no papel das novas tecnoloxías dentro da comunicación e o ensino.



Colaboran:

